

galicia

Turbulencia ou a idea de espazo

Turbulencia ou a idea de espazo

Achegamento á idea de espazo na filosofía e na música

comisariada por Luc Döbereiner (compositor) coa participación especial de Arturo Leyte (filósofo)

martes 4 de outubro
20:30 h

Facultade de Belas Artes
(Pontevedra)

DO
AUDIBLE

Máis información:
cultura.gal
vertixesonora.net

2016 MÚSICA EN DIÁLOGO
COA ARTE,
COA CIENCIA
E CO PENSAMENTO
CONTEMPORÁNEOS

Colaboran:



Vicerreitoría do
Campus de Pontevedra
Universidade de Vigo

vertixe sonora
ensemble



**XUNTA
DE GALICIA**

Turbulencia ou a idea de espazo

Luc Döbereiner

Propoñémonos entender e experimentar a idea de espazo a través de dous itinerarios: o filosófico e o musical. Dous discursos en paralelo intercalados ao longo dun espectáculo cunha duración total aproximada de 100 minutos. Desde a perspectiva filosófica abordaremos catro concepcións do espazo da man do pensador Arturo Leyte. O programa musical, que expón unha especie de diálogo coa obra mestra de Edgar Varèse *Octandre*, e que escoitaremos a modo de preámbulo, foi comisariado para a ocasión polo compositor alemán Luc Döbereiner, que tamén presentará a estrea mundial da súa nova obra *Turbulencias* para oito instrumentos e electrónica.

O concerto inclúe diferentes obras para instrumentos de vento que tratan o concepto do espazo na composición. Un espazo que actúa como mediador entre o pensamento estrutural, a calidade física do son e a súa produción, e xa non depende do movemento do son nun espazo acústico determinado.

Os propios instrumentos musicais serán concibidos como espazos; espazos de resonancia acústica ou espazos simbólicos estruturados por dixitacións, posicións e distancias. As obras de Barrett e McCormack utilizan o espazo instrumental como fonte para a creación de xestos musicais, explotando simultaneamente a abstracción da forma e o concreto do material. A obra *Octandre* de Edgard Varèse expón unha idea de espazo en conexión cun novo concepto da forma, que se comprende como un proceso material máis alá da forma arquitectónica. Aquí o pensamento compositivo ten lugar nun espazo que é tanto virtual como material.

Luc Döbereiner, marzo 2016

PROGRAMA

EDGARD VARÈSE – *Octandre* (1923) 8'

frauta, óboe, clarinete, trompa, fagot, trompeta, trombón, contrabaixo

GERARD ECKERT – *Traits - lointain* (2006-08)

frauta, óboe, clarinete, trompa, fagot, trompeta, trombón, contrabaixo

AGOSTINO DI SCIPIO – *Modes of Interference 2* (2006)

saxofón (só) e electrónica

Luc Döbereiner

LUC DÖBEREINER – *Turbulencia* (2016) 15´, estrea mundial

frauta, clarinete, óboe, fagot, saxofón, trompeta, trompa, trombón

"Berliner Arbeitsstipendien für Neue Musik 2016"

vertixe sonora ensemble

Clara Saleiro *frauta* / Felipe Agell *clarinete* / Roberto Baltar *óboe* / Jesús Coello *fagot* / Pablo Coello *saxofón* / Luís Duarte *trompa* / Sergio Pacheco *trompeta, fliscorno de cartos de ton* / Iago Ríos – Ricardo Pereira *trombón* / Carlos Méndez *contrabaixo* / Ramón Souto *dirección*

AS OBRAS

Octandre (1923). Edgard Varèse

para 8 instrumentos

Contemporáneo estrito do *Octeto* de Stravinsky, *Octandre* foi escrita para sete instrumentos de vento e un contrabaixo. É con *Density 21.5* o único traballo de Varèse que non emprega percusión. Tamén é a única obra que se divide en movementos encadeados. Non é por iso menos típica do estilo e da técnica do compositor —deliberadamente á marxe da tradición, feroz inimigo do desenvolvemento—, para o cal o timbre, parámetro crucial da propia composición, se afirma como un elemento estrutural esencial. "O que sorprende desde o principio", escribe Arthur Hoérée, "é a inusual e extrema instrumentación. A frauta alcanza un dó sostido sobreagudo, o fagot un re, o trombón paséase no rexistro medio da trompeta. O *flutterzunge* (vibración da lingua que produce un son vibrante) úsase de forma constante etc." Cada movemento de *Octandre* iníciase cun solo instrumental que nos mostra, no entanto, que para Varèse as liñas melódicas seguen tendo importancia. O primeiro movemento, “Assez lent” (bastante lento), comeza e termina cun solo de óboe, mantido na introdución polo clarinete e o contrabaixo. O segundo movemento “Très vif et nerveux” (moi vivo e nervioso), é introducido por un frautín solista. E conéctase co terceiro movemento, “Grave”, por medio da nota mantida do contrabaixo sobre o que se insire un solo de fagot, que precede a un fugato animado e xubiloso, con entradas sucesivas en imitación de óboe, fagot e clarinete.

Luc Döbereiner

***Traits - lointain* (2006-2008)**. Gerard Eckert

Partindo de estados de *feedback*, que remiten a arquetipos ou procesos pasados, as cousas presentes inscríbense en folios destes estados do *feedback* e, partindo do agora, fíxanse novos camiños ou fíos de enerxía.

Estruturas superficiais polimorfas cuxas figuras resultan das interferencias das capas estruturais subxacentes que, pola súa banda, só se revelan como momentos filtrados ou momentos de *feedback*.

Restos - refugallos - como cargadores de impulsos e enerxía, que inician momentos do presente e do futuro - pero que tamén inclúen imprevisibles, posibles.

***Modes of interference 2* (2006)**. Agostino Di Scipio

Di Scipio crea unha rede de interaccións: non compón a propia estrutura de resonancia propia da peza, se non máis ben un conxunto de posibilidades para que o intérprete experimente no son. Todos os elementos da peza (a electrónica ao vivo, o saxofón e o contorno) están conectados e interaccionan entre si. Constitúen un sistema dinámico, implementado polo compositor. O saxofón no só participa producindo unha variedade de materiais ruidosos, tamén actúa como un dispositivo de control e como un filtro dentro dun bucle de retroalimentación de audio. Isto require do intérprete unha nova actitude cara ao instrumento, así como novas formas de escoitar e reaccionar perante os eventos sonoros que emerxen durante a interpretación.

***Turbulencia* (2016)**. Luc Döbereiner

"Berliner Arbeitsstipendien für Neue Musik 2016"

A obra investiga esta equívoca espacialidade dos instrumentos acústicos e ten o obxectivo de desenvolver novos modos de describir o son construído un “hiperinstrumento” consistente nunha rede electroacústica de instrumentos. Nas distintas etapas da composición usaranse medios tecnolóxicos. Por unha banda, os espazos simbólicos de cada instrumento van ser cartografados utilizando tecnoloxías de bases de datos que os fagan accesibles ao procesamento algorítmico, de xeito que se permita a súa exploración segundo certos criterios. Doutra banda, utilizaranse os espazos interiores dos instrumentos como espazos de resonancia a través de pequenos altofalantes e micrófonos colocados no seu interior. Así os instrumentos tamén se converterán nos altofalantes da electrónica, podendo intercambiar materiais e xerar son a través da retroalimentación nos seus espazos interiores.

Luc Döbereiner, 30 de xaneiro de 2016

OS COMPOSITORES

Edgar Varèse. París, 1883-Nova York, 1965

Un dos compositores máis influentes do século XX, famoso polo seu concepto da música como conxunto de entidades móbiles de son non dependentes da melodía ou da harmonía, senón do timbre (cor), da masa e da relación espacial. Foi un dos pioneiros do desenvolvemento da música electrónica. Naceu en París, educouse en Francia e Italia. Estudou enxeñería, pero dedicouse posteriormente á música contra a vontade do seu pai. Entre 1907 e 1915 viviu en Berlín e a continuación estableceuse na cidade de Nova York. En 1918 comezou a súa principal creación, *Amériques*, para grande orquestra, obra que mostra unha certa influencia de Claude Debussy e de Igor Stravinski pero que, ao tempo, crea un universo sonoro sen precedentes onde os acordes e as sonoridades (incluídas sirenas e erupcións explosivas de son) son tratados como entidades independentes máis que como parte dunha secuencia melódica ou harmónica. Nos anos vinte e trinta, Varèse explorou estes conceptos noutras obras súas como *Hyperprisme* (1922) para vento e percusión, *Arcanes* (1927) para grande orquestra, *Ionisation* (1929-1931) para 13 percusionistas, e *Densité 21,5* (1935) para frauta soa composta para Georges Barrère. A súa obra *Déserts* (1954, revisada en 1961) integra sons gravados en cinta con instrumentos de vento, percusión e piano. Na exposición mundial de Bruxelas presentouse a gravación de *Poème électronique* (1958) que foi retransmitida a través de 425 altofalantes situados en diferentes puntos do Philips Pavilion (deseñado polo arquitecto Le Corbusier), utilizando así a arquitectura do edificio como parte integrante do deseño espacial da música. Varèse tamén participou na fundación do Gremio Internacional de Compositores en 1921 e da Asociación Panamericana de Compositores en 1927. Ambas as organizacións tiveron un papel crucial na difusión da obra de Aaron Copland, Charles Ives, Carl Ruggles, Carlos Chávez e do propio Varèse. Este compositor entendía a arte musical como simple organización de sons e os resultados das súas teorías e da súa práctica fonon extraordinariamente novos.

Agostino Di Scipio. Nápoles, 1962

Compositor, artista sonoro, estudoso da tecnoloxía da música e das artes. Comezou como autodidacta a ocuparse do son e da música, así como da programación informática e do teatro experimental. Posteriormente graduouse en Composición (con G. Bizzi e M. Cardì) e en Música electrónica (con M. Lupone) no conservatorio de L'Aquila. A partir desas experiencias formativas, desenvolveu unha experimentación e investigación que o levaron a explorar métodos pouco comúns de xeración de son, adoito en relación cos fenómenos de ruído e turbulencia, sistemas de procesamento dixital do son, cadeas de transdución electroacústica e condicións ambientais circundantes. Os seus traballos máis coñecidos inclúen electrónica ao vivo e instalacións sonoras, onde se aplican principios cibernéticos e redes de interaccións sónicas "home-máquina-contorno"; por exemplo, a serie *Ecosistemico Udibile* (2002-2005) ou a máis recente *Madi di interferenza* (2006-2012). En 2001, xunto co poeta Giuliano Mesa, escribiu *Tiresia*, unha mestura de recitado de poesía e electroacústica (anteriormente xa explotara este medio en *Sound & Fury*, unha colaboración co fotógrafo Manilio Prignano e co poeta Eugenio Tescione). Co pianista Ciro Longobardi publicou *Electronic Music for Piano* de John Cage (Stradivarius) e co saxofonista Mario Gabola desenvolve un proxecto de improvisación electroacústica radical, principalmente baseado en circuitos analóxicos reciclados (*Upset*, Viande Records). Na primavera de 2011, a galería de arte sonora de Berlín Galerie Mario Mazzoli organizou unha exposición das instalacións de Di Scipio titulada *Sound. Self. Other*.

Foi artista residente do DAAD en Berlín (2004-2005), profesor de música electrónica no conservatorio de Nápoles (2001-2013) e L'Aquila (desde 2013); tamén foi profesor na Universidade Técnica de Berlín (2007) e convidado a varias institucións (Universidade CSC de Padua, Simon Fraser University - Vancouver, Sibelius Academia - Helsinki, Universidade de Calgary ou a Universidade de Edimburgo). Tamén ensinou na CCMIX - París, IRCAM - París, Universidade de París 8, Universidade de Illinois etc. Algúns dos seus numerosos escritos pódense atopar recollidos no libro *Pensare le archeologie del suono e della musica* (Editorale Scientifica, Nápoles, 2013).

Luc Döbereiner

Gerald Eckert. Nuremberg, 1960

Estuda Violonchelo e Dirección. Posteriormente cursará Matemáticas en Erlangen e, de 1989 a 1995, Composición, primeiro con Wilfried Jentszsch e Walter Zimmermann, despois con Nicolaus A. Huber, e Composición Electroacústica con Dirk Reith na Folkwang-Hochschule de Essen.

Asistiu a cursos de composición con Brian Ferneyhough e Jonathan Harvey. Entre 1996 e 1997, pasou un ano como investigador no CCRMA de Stanford University nos Estados Unidos. En 1998, foi profesor no Curso Internacional de Verán para a Nova Música de Darmstadt e no Festival Akiyoshidai no Xapón. En 2000-2001 foi profesor convidado de Composición e Arquitectura na Technische Universität Darmstadt. En 1995 recibiu unha bolsa da Fondation Royaumont (Francia) e en 1999 unha bolsa da Heinrich-Strobel-Foundation. Foi compositor en residencia nos Tage für Neue Musik de Zúric en 2006. Ademais, desenvolveu unha variedade de proxectos multimedia con danza, vídeo e instalacións interactivas, como, por exemplo, a *Dance project* co bailarín e coreógrafo Mikael Honesseau en 2011.

Gerald Eckert recibiu numerosos premios e galardóns, entre eles o Premio C. Gulbenkian (Lisboa, 1993), o Premio Kranichstein (Darmstadt, 1996), primeiro premio en Bourges 2003, primeiro premio no Concurso de Composición de Stuttgart 2005 e bolsas para o Centro Tedesco en Venecia 2006, Schreyahn 2009, Villa Aurora (Os Ánxeles, 2010), Villa Serpentara (Olevano Romano, Roma, 2010), Künstlerhaus Lukasen (Ahrenshoop, 2013) e un segundo premio do Festivals SYNC (Yekaterinburg, Russia, 2015).

En 2013 a editorial Wolke publica un monográfico co título *An dean Rändern deas Maßé - der Komponist Gerald Eckert* (Nos límites da dimensión - o compositor Gerald Eckert).

Desde 1989 traballa nas súas propias pinturas e organizou unha serie de exposicións e instalacións desde 1994. En 1995, 2006 e 2014 publicou relevantes catálogos.

Gerald Eckert é cofundador dos festivais Chiffren (Kiel, 2006) e ProvinzLärm (Eckernfoerde 2007, 2009, 2011, 2013 e 2015). De 2012 a 2014, Gerald Eckert foi profesor de Composición na Chung-Ang University en Seúl (Campus Anseong, Corea do Sur).

Luc Döbereiner

Luc Döbereiner. Berlín, 1984

Compositor e investigador berlinés. Cursou estudos de licenciatura e mestrado no Instituto de Sonoloxía da Haia e fixo o seu doutoramento na Universidade de Música e Artes Dramáticas de Graz. O seu traballo trata a relación entre os aspectos materiais e os aspectos ideais do son na composición. O seu pensamento artístico cónfórmase na oscilación entre a teoría estética, o desenvolvemento tecnolóxico e a praxe compositiva. Entre os seus profesores cóntanse Gerhard Eckel, Richard Barrett, Kees Tazelaar, Karlheinz Essl, Clarence Barlow, Konrad Boehmer e Paul Berg. Döbereiner publicou en revistas científicas como *Acta Musicologica*, *Computer Music Journal*, *Contemporary Music Review* e *kunsttexte.de*.

Recibiu premios e bolsas do Conservatorio Real da Haia, do Ministerio de Economía e Investigación de Austria, de STEIM Amsterdam, do Senado de Cultura de Berlín e residencias en ROLDO Graz, ZKM Karlsruhe, Künstlerhaus Schleswig-Holstein e no Centro Tedesco dei Studi Veneziani. Traballou con conxuntos como Unitedberlin, Ensemble Werktag, Sond'Ar-te, International Ensemble Modern Academy e Modelo62. As súas composicións presentáronse en Alemaña, Austria, Suíza, Os Países Baixos, Portugal, España, Francia, Eslovenia e Os Estados Unidos.

O RELATOR

Arturo Leyte

Arturo Leyte é catedrático de Filosofía na Universidade de Vigo. O seu traballo e publicacións centráronse na hermenéutica, o idealismo alemán, a filosofía grega e a estética. Editor e tradutor de Schelling, Hölderlin e Heidegger, é autor dos seguintes libros: *Las épocas de Schelling* (Akal,1998), *Heidegger* (Alianza, 2005) e *El arte, el terror y la muerte* (Abada, 2006).

Luc Döbereiner

VERTIXE SONORA ENSEMBLE

Desde a súa aparición en 2010, Vertixe Sonora Ensemble converteuse nun auténtico revulsivo da sociedade galega. A súa permanente estrea de obras novas permite que Galicia participe da creación sonora internacional cun protagonismo activo e desafiante. Un referente insubstituíble para a última xeración internacional de compositores que atopa nas súas producións a oportunidade de desenvolver propostas musicais cunha perspectiva global en permanente estado de convulsión, na procura da excelencia artística.

Integrada por destacados solistas de música contemporánea de Galicia e de Portugal, Vertixe Sonora Ensemble conta artistas sonoros, artistas plásticos, músicos de jazz, intérpretes clásicos e xente do teatro e da danza. A partir dunha consciencia da multiplicidade no achegamento ao sonoro, establece un constante diálogo e interacción co pensamento, coa ciencia, coa tecnoloxía e con outras formas artísticas desde unha óptica cosmopolita, integradora e transcultural, para favorecer un espazo aberto á reflexión, á discusión e ao intercambio no campo da música contemporánea, que non renuncia nin ao rigor, nin á transgresión, nin ao espírito de vangarda. Tamén integra o Instituto Galego de Sonoloxía, unha plataforma para investigar a experimentación sonora con novos medios.

Vertixe Sonora desenvolve unha programación diversificada e procura dinamizar o ecosistema cultural, o intercambio e a cohesión do territorio. O ciclo Música e Arte: Correspondencias Sonoras (CGAC) e sonUTopías (campUSCulturae, da Universidade de Santiago de Compostela), o Festival Internacional de Creación Musical Contemporánea Vertixe Sonora en Vigo ou o ciclo MIHLsons na cidade de Lugo son algunhas das achegas que están a renovar os públicos de música clásica en Galicia.

O compromiso por divulgar a música do noso tempo e ampliar o seu público lévaos a organizar os cursos de divulgación musical Aguzar o Oído (MARCO, Vigo), os Encontros Internacionais de Música Contemporánea, Causal, obradoiros de composición e charlas abertas.

O seu labor foi recollido no documental *Correspondencias sonoras* (2013), do cineasta Manuel del Río.

Luc Döbereiner

DO AUDIBLE

Do Audible é un ciclo de concertos promovido pola Secretaría Xeral de Cultura da Consellería de Cultura e Educación da Xunta de Galicia que procura achegar puntos de encontro entre a música, a ciencia, a arte e o pensamento contemporáneos na conquista dunha percepción musical máis consciente.

Do Audible actualiza as rutinas de escoita coa aspiración de recuperar o concerto de música como experiencia privada de auténtica transformación. Unha connoción reveladora que devolva a escoita ao seu lugar, como acontecemento capital do entendemento humano.

Cada concerto organízase arredor dun foco temático e interactúa coa palabra cómplice de relevantes personalidades do mundo da cultura, que achegan informacións e perspectivas de interpretación do feito musical que resulten enriquecedoras para os oíntes.

Do Audible descobre a paisaxe sonora da literatura musical dos últimos decenios, rastrexo as interaccións ocultas entre diferentes disciplinas ao longo da historia e explica as claves da creación musical de todos os tempos. Aviva a nosa imaxinación, esperta a sensibilidade de públicos novos, procura acadar, na comuñón da emoción e da intelixencia, unha experiencia artística transcendente.